



A Xunta de Persoal de Administración e Servizos, na reunión realizada o día 5 de maio de 2017 acorda:

- Rexeitar a proposta de Oferta de Emprego Público remitida pola Xerencia, adoptándose, por maioría d@s presentes, o acordo de que todo o cómputo de postos que resultaron vacantes no ano 2016 sexan ofertados como postos base da Escala Xeral e auxiliares de servizo da Escala Técnica.
- Constatamos que dentro das prazas vacantes por xublia/falecem/incapac/esc.vol. en 2016, non se contemplan as prazas nº 316 por renuncia e a praza 746 xa con posto definitivo noutra administración, sen que se xustificase esa ausencia.
- Requirimos que no cómputo económico dos postos que resultaron vacantes no ano 2016 se contemplan as circunstancias específicas de cada praza (trienios...) e que afectan directamente á masa salarial.
- Requirir a listaxe de persoal en comisión de servizos que a día de 30 de maio de 2017, supera os dous anos de exercicio na praza.
- Cómputo do aforro no orzamento destinado ás promocións en marcha.
- Mostrar o rexeitamento ao procedemento seguido coa finalización das prórrogas de comisións de servizo que a Xerencia considera afectadas pola sentenza 00057/2017, procedemento do que esta Xunta de Persoal tivo coñecemento a través das traballadoras e traballadores afectadas/os sen que mediase, nin tan sequera, comunicación algunha a esta Xunta de Persoal por parte da Xerencia.

Atentamente.

A Coruña, 08 de maio de 2017

Asdo.: Xosé Manuel Portela Fernández
Pte. da Xunta de Persoal de Administración e Servizos